



GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

En relación á modificación de crédito ref. 21/08 do Orzamento Xeral, na modalidade de crédito extraordinario, publicado no BOP (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra) o 7 de novembro, e actualmente sometido a información pública, e amparándose no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, presenta a seguinte alegación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dentro da partida de gastos do crédito extraordinario contéplase a partida 60101, na cal se prevé a construción dun muro no lugar das Salinas, por valor de 27.874,00 euros. Este gasto ten unha serie de irregularidades:

1. A obra refírese á construción dun muro de peche dunha propiedade privada e non de dominio público, e por tanto estase facendo un pago irregular por parte do Concello.
2. Está situada en zona de servidume de tránsito e non cumpre coa Lexislación vixente de Costas de distar 6 metros desde o límite interior do mar (art.27 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas)
3. O muro está situado nunha zona de alto valor ambiental, e a súa presenza supón un forte impacto visual e paisaxístico.

Por todo isto, **SOLICITA:**

1. Que se teña por presentada esta alegación e se desestime a financiación municipal deste muro.
2. A retirada da partida citada do crédito extraordinario

Vilaboa, 19 de novembro de 2008

Ornela Fernández Salgado
Voceira

AO SR. ALCALDE DE VILABOA